

# PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

## Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
32016777	IES Carlos Casares	Viana do Bolo	2024/2025

## Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación secundaria obrigatoria	Educación en Valores Cívicos e Éticos	3º ESO	1	35

## Réxime

Réxime xeral-ordinario

<b>Contido</b>	<b>Páxina</b>
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	3
3.1. Relación de unidades didácticas	4
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	5
4.1. Concrecións metodolóxicas	13
4.2. Materiais e recursos didácticos	13
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	14
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	14
5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes	15
6. Medidas de atención á diversidade	15
7.1. Concreción dos elementos transversais	15
7.2. Actividades complementarias	16
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a práctica docente cos seus indicadores de logro	16
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	17
9. Outros apartados	18

## 1. Introducción

A presente programación segue as indicacións do Decreto 156/2002 do 15 de setembro e vai dirixida a un grupo de 11 alumnos e alumnas de 3º da ESO do IES Carlos Casares de Viana do Bolo.

O centro acuden alumnos dos concellos limítrofes como son A Veiga, O Bolo, Vilariño de Conso, A Gudiña, etc. O centro reúne alumnado de preto de 52 parroquias. As actividades económicas da comarca dependen fundamentalmente do sector agrogandeiro. Nos últimos anos tamén cobrou importancia como motor económico a minería.

Esta programación pretende achegar a materia de Educación en Valores Cívicos y Éticos a este alumnado, e deste xeito aportar as ferramentas necesarias para que sexan capaces de desenvolver un pensamento crítico e autónomo.

O alumnado necesita tomar conciencia da importancia de exercer unha cidadanía responsable e comprometida cos valores democráticos, mediante a crítica e a reflexión, suscitados a partir do tratamento de cuestións éticas fundamentais.

## 2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Inquirir e investigar canto se refire á identidade humana e a cuestións éticas relativas ao propio proxecto vital, analizando criticamente información fiable e xerando unha actitude reflexiva respecto diso, para promover o autoconhecimento e a elaboración de formulacións e xuízos morais de maneira autónoma e razoada.	2-5				1	1-2-3		
OBX2 - Actuar e interactuar de acordo con normas e valores cívicos e éticos, a partir do recoñecemento fundado da súa importancia para regular a vida comunitaria e a súa aplicación efectiva e xustificada en distintos contextos, para promover unha convivencia pacífica, respectuosa, democrática e comprometida co ben común.	5	3		3		1-2-3-4		1
OBX3 - Entender a natureza interconectada e inter e ecodpendente das actividades humanas, mediante a identificación e a análise de problemas ecosociais de relevancia, para promover hábitos e actitudes eticamente comprometidos co logro de formas de vida sustentables.			5		2	1-2-3-4	1	
OBX4 - Mostrar unha adecuada estima de si mesmo e da contorna, recoñecendo e valorando as emocións e os sentimentos propios e alleos, para lograr unha actitude empática e coidadosa con respecto aos demais e á natureza.	1				1-2-3	1-3		3

### Descrición:

### 3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	Eu, ti, nós.	Nesta unidade comezaremos falando do ser humano como un ser libre. Profundizaremos no papel que xogan nas nosas vidas as emocións e os sentimentos. Destacaremos a importancia que ten a autonomía para desenvolvernos plenamente. Falaremos tamén dos grupos de persoas que temos o noso redor e das maneiras nas que nos relacionamos con eles. Analizaremos algúns dos conflitos que con maior frecuencia se desenvolven no seo familiar, no grupo de amigos ou no centro educativo, pensando tamén na mellor maneira de resolvelos.	16	6	X		
2	A ética	O longo desta unidade veremos a importancia que ten desenvolver un pensamento crítico. O papel que desempeñan a moral e a ética nas nosas accións, os referentes morais e os tipos de éticas que existen e como se relacionan e diferencian ética, moralidade e a legalidade.	17	6	X		
3	Vivir nunha sociedade democrática	Nesta unidade analizaremos como son as sociedades, o xeito no que se articula en grupos que se identifican entre eles e o fenómeno das migración: as consecuencias para a poboación migrante e para a autóctona. Centrándonos nas sociedades interculturais, a desigualdade social e os distintos retos que xera a convivencia. Repasaranse tamén as distintas formas de organización política e reflexionara sobre o que significa ser un Estado de dereito, os valores que caracterizan a democracia, a importancia da responsabilidade fiscal e o obxectivo da memoria democrática.	17	6		X	
4	Os Dereitos humanos	Nesta unidade veremos os dereitos humanos, as súas características e a súa evolución histórica ata chegar a Declaración Universal na que se fai fincapé nos dereitos da muller e do neno, así como nas da necesidade de protección dos mesmos.	17	6		X	
5	Globalización, sostenibilidade e medio ambiente.	Descríbese en que consiste a globalización económica e o impacto que ten na nosa vida a actividade económica, a necesidade de protexer o medio ambiente e os animais, de adquirir hábitos de vida sostible e de dar solución os problemas ecosociais.	17	6			X
6	Accións para un mundo mellor	Veremos que fan algunhas persoas, Estados, ONG nacionais e internacionais e outros organismo par acabar co dardam	16	5			X

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
6	Accións para un mundo mellor	dos conflitos armados e reducir no posible os graves problemas sociais, económicos e medioambientais os que se enfrenta o mundo.	16	5			X

### 3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	Eu, ti, nós.	6

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Construír e expresar un concepto axustado de si mesmo recoñecendo as múltiples dimensións da súa natureza e personalidade, así como da dimensión cívica e moral desta, a partir da investigación e do diálogo arredor de diversas concepcións sobre a natureza humana.	Recoñecer as múltiples dimensións da súa natureza e personalidade, así como da dimensión cívica e moral.	PE	100
CA1.2 - Identificar, xestionar e comunicar ideas, emocións, afectos e desexos con comprensión e empatía cara ás demais persoas, demostrando autoestima e compartindo un concepto adecuado do que deben ser as relacións con outras persoas, incluíndo o ámbito afectivo-sexual.	Comunicar ideas, emocións con empatía, compartido un concepto adecuado do que deben ser as relacións con outras persoas.		
CA1.3 - Desenvolver e demostrar autonomía moral mediante a práctica da deliberación racional, o uso de conceptos éticos e o diálogo respectuoso cos demais, arredor de distintos valores e modos de vida, así como a problemas relacionados co exercicio dos dereitos individuais, o uso responsable e seguro das redes, as condutas adictivas e o acoso escolar.	Amosar autonomía moral mediante o uso de conceptos éticos e o diálogo respectuoso cos demais.		
CA1.4 - Desenvolver unha actitude de xestión equilibrada das emocións, de estima e coidado de si e das demais persoas, identificando, analizando e expresando de maneira asertiva as propias emocións e sentimentos, e recoñecendo e valorando os dos demais en distintos contextos e arredor de actividades creativas e de reflexión individual ou dialogada sobre cuestións éticas e cívicas.	Xestionar de xeito equilibrado as emocións		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- A ética dentro do conxunto de saberes filosóficos.</li> <li>- O obxecto da ética.</li> <li>- A aplicación da ética: a orientación para a resolución de problemas complexos sobre como actuar.</li> </ul>

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- A natureza humana.</li> <li>- Liberdade e moralidade como características especificamente humanas.</li> <li>- A identidade persoal, o cruzamento de camiños entre a natureza, a crianza e o proxecto vital.</li> <li>- A educación de emocións e sentimentos.</li> <li>- A autoestima persoal.</li> <li>- A igualdade e o respecto nas relacións con outras persoas.</li> <li>- A educación afectivo-sexual.</li> </ul>

<b>UD</b>	<b>Título da UD</b>	<b>Duración</b>
2	A ética	6

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA1.1 - Construír e expresar un concepto axustado de si mesmo recoñecendo as múltiples dimensións da súa natureza e personalidade, así como da dimensión cívica e moral desta, a partir da investigación e do diálogo arredor de diversas concepcións sobre a natureza humana.	Recoñecer as múltiples dimensión da personalidade.	TI	100
CA1.3 - Desenvolver e demostrar autonomía moral mediante a práctica da deliberación racional, o uso de conceptos éticos e o diálogo respectuoso cos demais, arredor de distintos valores e modos de vida, así como a problemas relacionados co exercicio dos dereitos individuais, o uso responsable e seguro das redes, as condutas adictivas e o acoso escolar.	Amosar que se coñecen os conceptos éticos fundamentais.		
CA1.4 - Desenvolver unha actitude de xestión equilibrada das emocións, de estima e coidado de si e das demais persoas, identificando, analizando e expresando de maneira asertiva as propias emocións e sentimentos, e recoñecendo e valorando os dos demais en distintos contextos e arredor de actividades creativas e de reflexión individual ou dialogada sobre cuestións éticas e cívicas.	Amosar unha xestión equilibrada das emocións.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- A ética dentro do conxunto de saberes filosóficos.</li> <li>- O obxecto da ética.</li> <li>- A aplicación da ética: a orientación para a resolución de problemas complexos sobre como actuar.</li> </ul>

**Contidos**

- Análise das accións.
- Os motivos da acción: desexos e razóns.
- A vontade como razón práctica.
- A autonomía da vontade.
- A responsabilidade das accións.
- A ética e as éticas como guías das nosas accións.
- O xuízo moral: as normas, o valor e o valioso, as virtudes, os sentimentos morais.
- Universalismo e pluralismo moral.
- Éticas da felicidade, éticas do deber, éticas da virtude.
- Ética e dereito.
- Semellanzas e diferenzas entre ética e dereito.
- O conflito lexitimidade-legalidade.
- A obxección de conciencia.
- Os dereitos individuais e os deberes cidadáns.
- O debate sobre a liberdade de expresión.
- A ética na sociedade actual.
- O problema da desinformación.
- A protección de datos e o dereito á intimidade.
- O ciberacoso e outras formas de violencia nas redes sociais.
- As condutas adictivas.

UD	Título da UD	Duración
3	Vivir nunha sociedade democrática	6

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
-------------------------	------------------------	----	---

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA2.1 - Promover e demostrar unha convivencia pacífica, respectuosa, democrática e comprometida co ben común, a partir da investigación sobre a natureza social e política do ser humano e o uso e comprensión crítica dos conceptos de lei, poder, soberanía, xustiza, Estado, democracia, memoria democrática, dignidade e dereitos humanos.	Amosar unha convivencia pacífica, respectuosa, democrática e comprometida co ben común.		
CA2.2 - Fomentar o exercicio da cidadanía activa e democrática a través do coñecemento do movemento asociativo e a participación respectuosa, dialogante e construtiva en actividades de grupo que impliquen tomar decisións colectivas, planificar accións coordinadas e resolver problemas aplicando procedementos e principios cívicos, éticos e democráticos explícitos.	Resolver problemas aplicando procedementos democráticos.		
CA2.3 - Contribuír a xerar un compromiso activo co ben común a través da análise e a toma razoada e dialogante de posición arredor de cuestións éticas de actualidade como a loita contra a desigualdade e a pobreza, o dereito ao traballo, a saúde, a educación e a xustiza, así como sobre os fins e límites éticos da investigación científica.	Comprometerse de xeito activo posicionándose sobre cuestións éticas de actualidade.		
CA2.4 - Tomar consciencia da loita por unha efectiva igualdade de xénero e do problema da violencia e explotación sobre as mulleres, a través da análise das diversas xeracións e correntes do feminismo e das medidas de prevención da desigualdade, a violencia e a discriminación por razón de xénero e orientación sexual, mostrando igualmente coñecemento dos dereitos LGTBIQ+ e recoñecendo a necesidade de respectalos.	Tomar consciencia da loita pola igualdade de xénero e do problema da violencia e explotación sobre as mulleres.	TI	100
CA2.5 - Contribuír activamente ao benestar social adoptando unha posición propia, explícita, informada e eticamente fundamentada sobre o valor e pertinencia dos dereitos humanos, o respecto pola diversidade etnocultural, a consideración dos bens públicos globais, a percepción do valor social dos impostos.	Valorar a importancia e pertinencia dos dereitos humanos.		
CA2.6 - Contribuír á consecución dun mundo máis xusto e pacífico a través da análise e recoñecemento da historia democrática do noso país e das funcións do estado de dereito e as súas institucións, os organismos internacionais, as asociacións civís e os corpos e forzas de seguridade do Estado, no seu empeño por lograr a paz e a seguridade integral, atender as vítimas da violencia e promover a solidariedade e cooperación entre as persoas e os pobos.	Recoñecemento da historia democrática do noso país.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
- A sociedade humana: natureza e orixe.



## Contidos

- As estruturas sociais e os grupos de pertenza.
- Cooperación e altruísmo fronte a competencia e egoísmo.
- A convivencia social.
- As virtudes do diálogo e as normas de argumentación.
- A resolución pacífica de conflitos.
- A empatía cos demais.
- A política.
- Conceptos clave: lei, poder, soberanía, xustiza e dignidade.
- Formas de Estado e tipos de goberno.
- A democracia: principios, procedementos e institucións.
- O Estado español como estado social e democrático de dereito.
- Valores constitucionais.
- A memoria democrática.
- A participación democrática: ser cidadáns.
- Outras formas de participación social: o asociacionismo e o voluntariado.
- A procura da xustiza social.
- A desigualdade económica e a loita contra a pobreza.
- Globalización económica e bens públicos globais.
- O comercio xusto.
- O valor social dos impostos.
- A igualdade de xénero.
- As diversas ondas e correntes do feminismo.
- A prevención da explotación e a violencia contra nenas e mulleres.
- A corresponsabilidade nas tarefas domésticas e de coidados.
- A sociedade e a cidadanía plural.
- O interculturalismo.
- A inclusión social e o respecto pola diversidade e as identidades étnico-culturais e de xénero.
- Os dereitos LGTBIQ+.
- Os desafíos da democracia actual.
- Os códigos deontolóxicos.

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- As éticas aplicadas.</li> <li>- Fins e límites éticos da investigación científica. A bioética.</li> <li>- O desafío da intelixencia artificial.</li> <li>- As propostas transhumanistas.</li> </ul>

<b>UD</b>	<b>Título da UD</b>	<b>Duración</b>
4	Os Dereitos humanos	6

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA2.1 - Promover e demostrar unha convivencia pacífica, respectuosa, democrática e comprometida co ben común, a partir da investigación sobre a natureza social e política do ser humano e o uso e comprensión crítica dos conceptos de lei, poder, soberanía, xustiza, Estado, democracia, memoria democrática, dignidade e dereitos humanos.	Amosar unha convivencia pacífica, respectuosa, democrática e comprometida co ben común.	TI	100
CA2.4 - Tomar consciencia da loita por unha efectiva igualdade de xénero e do problema da violencia e explotación sobre as mulleres, a través da análise das diversas xeracións e correntes do feminismo e das medidas de prevención da desigualdade, a violencia e a discriminación por razón de xénero e orientación sexual, mostrando igualmente coñecemento dos dereitos LGTBIQ+ e recoñecendo a necesidade de respectalos.	Amosar consciencia da loita por unha efectiva igualdade de xénero e do problema da violencia e explotación sobre as mulleres.		
CA2.5 - Contribuír activamente ao benestar social adoptando unha posición propia, explícita, informada e eticamente fundamentada sobre o valor e pertinencia dos dereitos humanos, o respecto pola diversidade etnocultural, a consideración dos bens públicos globais, a percepción do valor social dos impostos.	Adoptar unha posición propia e explícita, informada e eticamente fundada sobre o valor e pertinencia dos dereitos humanos.		
CA2.6 - Contribuír á consecución dun mundo máis xusto e pacífico a través da análise e recoñecemento da historia democrática do noso país e das funcións do estado de dereito e as súas institucións, os organismos internacionais, as asociacións civís e os corpos e forzas de seguridade do Estado, no seu empeño por lograr a paz e a seguridade integral, atender as vítimas da violencia e promover a solidariedade e cooperación entre as persoas e os pobos.	Recoñecer a historia democrática do noso país e as funcións do estado de dereito.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Os dereitos humanos.</li> <li>- Referente moral da democracia e a xustiza social.</li> <li>- Xeracións e historia dos dereitos humanos.</li> <li>- Dereitos da infancia.</li> <li>- Os dereitos económicos, sociais e culturais: o dereito ao traballo, á saúde, á educación e á xustiza.</li> <li>- A convivencia pacífica e segura.</li> <li>- A guerra, o terrorismo e outras formas de violencia política.</li> <li>- A atención ás vítimas da violencia.</li> <li>- Accións individuais e colectivas en favor da paz.</li> <li>- A contribución do Estado e os organismos internacionais á paz, á seguridade integral e á cooperación.</li> <li>- O dereito internacional e a cidadanía global.</li> <li>- As forzas armadas e a defensa ao servizo da paz.</li> <li>- O papel das ONG e das ONGD na loita pola paz.</li> </ul>

<b>UD</b>	<b>Título da UD</b>	<b>Duración</b>
5	Globalización, sostenibilidade e medio ambiente.	6

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA3.1 - Describir as relacións históricas de interconexión, interdependencia e ecodependencia entre as nosas vidas e a contorna a partir da análise das causas e consecuencias dos máis graves problemas ecosociais que nos afectan.	Describir as causas e consecuencias dos máis graves problemas ecosociais que nos afectan.	TI	100
CA3.2 - Valorar distintas formulacións científicas, políticas e éticas coas que afrontar a emerxencia climática e a crise ambiental a través da exposición e o debate argumental arredor destas.	Valorar formulaciones cas que afrontar a crise climática e ambiental.		
CA3.3 - Promover estilos de vida eticamente comprometidos co logro dun desenvolvemento sustentable, contribuíndo por si mesmo e na súa contorna ao tratamento preventivo dos residuos, a xestión sustentable dos recursos, a mobilidade segura, sustentable e saudable, o comercio xusto, o consumo responsable, o coidado do patrimonio natural, o respecto pola diversidade etnocultural, e o coidado e protección dos animais.	Promover estilos de vida eticamente comprometidos.		

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA3.4 - Desenvolver unha actitude de xestión equilibrada das emocións, de estima e coidado de si mesmo e dos outros, identificando, analizando e expresando de maneira asertiva as propias emocións e sentimentos, e recoñecendo e valorando os dos demais en distintos contextos e arredor de actividades creativas e de reflexión individual ou dialogada sobre cuestións éticas e cívicas.	Desenvolver unha actitude de xestión equilibrada das emocións.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Vida responsable co contorno e protección do medio ambiente.</li> <li>- Percorrido crítico sobre as diferentes formas de relación do ser humano coa natureza ao longo da historia e a pegada ecolóxica das accións humanas no planeta.</li> <li>- Empatía e responsabilidade co contorno: interdependencia, interconexión e ecodpendencia.</li> <li>- A protección do medio ambiente e os dereitos para coa natureza: dereitos humanos de terceira xeración.</li> <li>- Consumo responsable para unha vida sustentable no planeta.</li> <li>- Os límites do planeta e o esgotamento dos recursos.</li> <li>- Obxectivos do desenvolvemento sustentable: axenda cara a 2030 para un planeta sustentable.</li> <li>- Economía sustentable e ecolóxica na globalización, e nova lóxica do crecemento: economía circular e economía azul.</li> <li>- Hábitos para unha xestión adecuada dos recursos e tratamento preventivo dos residuos. A mobilidade segura, saudable e sustentable.</li> <li>- Consumo responsable e soberanía alimentaria.</li> </ul>

<b>UD</b>	<b>Título da UD</b>	<b>Duración</b>
6	Accións para un mundo mellor	5

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA3.2 - Valorar distintas formulacións científicas, políticas e éticas coas que afrontar a emerxencia climática e a crise ambiental a través da exposición e o debate argumental arredor destas.	Valorar distintas formulacións coas que afrontar a emerxencia climática e a crise ambiental.	TI	100

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA3.3 - Promover estilos de vida eticamente comprometidos co logro dun desenvolvemento sustentable, contribuíndo por si mesmo e na súa contorna ao tratamento preventivo dos residuos, a xestión sustentable dos recursos, a mobilidade segura, sustentable e saudable, o comercio xusto, o consumo responsable, o coidado do patrimonio natural, o respecto pola diversidade etnocultural, e o coidado e protección dos animais.	Promover estilos de vida éticamente comprometidos.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Propostas científicas e ético-políticas arredor dos problemas ecosociais.</li> <li>- Xustiza ecolóxica.</li> <li>- Ética medioambiental: ecocentrismo, biocentrismo e extensionismo.</li> <li>- Ecofeminismo e ética do coidado.</li> <li>- Protección e dereitos dos animais.</li> <li>- Valores éticos e democráticos como fundamento para unha conduta empática e respectuosa cara aos animais.</li> <li>- O ser humano como animal político: dereitos humanos da solidariedade para unha conduta cos animais baseada en dereitos.</li> </ul>

#### **4.1. Concrecións metodolóxicas**

A proposta didáctica desta materia elaborouse de acordo cos criterios metodolóxicos seguintes:

- Adaptación ás características do alumnado ofrecendo actividades diversificadas de acordo coas características do alumnado.
- Autonomía: facilitar a capacidade do alumnado para aprender por si mesmo.
- Actividade: fomentar a participación do alumnado na dinámica xeral da aula, combinando estratexias que propicien a individualización con outras que fomenten a socialización. En función da actividade traballarase de xeito individual, por parellas, en pequenos grupos ou o grupo no seu conxunto.
- Motivación: procurar espertar o interese do alumnado pola aprendizaxe que se lle propón.
- Integración e interdisciplinidade: presentar os contidos cunha estrutura clara, formulando as interrelacións entre os contidos da materia e os doutras disciplinas doutras áreas.
- Rigor e desenvolvemento de capacidades intelectuais de certo nivel (analíticas, explicativas e interpretativas).
- Variedade na metodoloxía, dado que o alumnado aprende a partir de fórmulas moi diversas.
- Necesidade de partir do nivel do alumno e de construír aprendizaxes significativos.

#### **4.2. Materiais e recursos didácticos**

<b>Denominación</b>
Apuntamentos do profesor de Educación en Valores Cívicos e Éticos

Caderno de Clase.

- Para o desenvolvemento do curso empregaremos apuntamentos propios xunto con algúns contidos de EVA.
- Cada discente dispón dun ordenador e a maiores debe traer un caderno no que irá anotando as tarefas que ise desenvolverán o longo do curso.
- Na aula contarase ademáis con ordenador e unha pizarra dixital.
- Espazos (en función das tarefas): aula de referencia, biblioteca, aula de informática.

### 5.1. Procedemento para a avaliación inicial

- O longo da segunda semana de curso levarese a cabo unha avaliación inicial co fin de detectar as dificultades do alumnado e as necesidades de atención educativa que podan presentar os discentes.
- Dita proba consistirá na resolución práctica dun dilema moral.
  - Esta proba tamén se realizará con aquel alumnado que se incorpore o longo do curso.

### 5.2. Criterios de cualificación e recuperación

#### Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	Total
<b>Peso UD/ Tipo Ins.</b>	<b>16</b>	<b>17</b>	<b>17</b>	<b>17</b>	<b>17</b>	<b>16</b>	<b>100</b>
<b>Proba escrita</b>	100	0	0	0	0	0	<b>16</b>
<b>Táboa de indicadores</b>	0	100	100	100	100	100	<b>84</b>

#### Criterios de cualificación:

Para superar a materia terase en conta o seguinte:

- A nota de cada avaliación ven determinada por:

a) A nota media das probas escritas e das táboas de indicadores das unidades didácticas vistas nesa avaliación:

- 1º Trimestre: Unidades 1 e 2.
- 2º Trimestre: Unidades 3 e 4.
- 3º Trimestre: Unidades 5 e 6.

- Para aprobar unha avaliación hai que acadar unha nota media igual ou superior a 5.

- O alumnado pode aumentar a súa cualificación na avaliación ata un máximo dun punto mediante a realización de actividades como son a participación na Olimpíada Galega de Filosofía ou actividades de voluntariado e socialización que están relacionadas con aprendizaxes curriculares e que no caso de non realizalas non implican ningún tipo de penalización. Ditas actividades pretenden ter unha función motivadora:

- 1) Participación na Olimpíada Filosófica de Galicia na modalidade de resolución de dilemas morais. Ata 1 punto. (2ª Avaliación)
- 2) Voluntariado na Biblioteca (0,5) e Participación no clube de lectura (0,5).

- En ningún caso a cualificación resultante da avaliación nunca será superior a 10.

• Ex. Un discente cunha nota media nunha avaliación de 9 e que teña un punto neste apartado poderá acadar un máximo de 10. Un discente cunha nota media nunha avaliación de 9,5 e que teña un punto a maiores acadará unha nota máxima de 10. Non se poñerán en ningún caso cualificacións superiores a 10.

- A cualificación media dunha avaliación redondearase o enteiro superior cando o decimal sexa igual ou superior a 5. No caso de ser inferior a 5 non haberá redondeo a alza.

-Para aprobar a materia a media das distintas avaliacións debe ser igual ou superior a 5.

**Critérios de recuperación:**

- Aquel alumnado que non acade unha nota de 5 nunha avaliación poderá recuperala mediante a realización dunha proba escrita sobre os contidos da/das unidades correspondentes que se levará a cabo na seguinte avaliación. No transcurso da segunda avaliación poderase recuperar a primeira, e durante a terceira a segunda. Si se suspende a terceira e tamén a materia a recuperación terá lugar na convocatoria extraordinaria de Xuño.
- Para o alumnado que en Xuño teña unha ou varias avaliacións suspensas realizarase unha proba escrita sobre os contidos mínimos. Para aprobar a materia debe ter unha nota igual ou superior a 5.

**5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes**

Non hai alumnado ca materia pendente.

**6. Medidas de atención á diversidade**

Enténdese por alumnado con necesidade específica de apoio educativo aquel que requira, de forma temporal ou permanente, apoios ou provisións educativas diferentes ás ordinarias por presentar necesidades educativas especiais, por, no noso caso, dificultades específicas de aprendizaxe e por altas capacidades intelectuais.

Para a atención a diversidade partimos dos principios do DUA (Deseño Universal da Aprendizaxe) e teremos en conta a Avaliación Inicial. Procuraremos:

- Proporcionar múltiples formas de representación da información e dos contidos, posto que os alumnos son distintos na forma na que perciben e comprenden a información. Exemplo: textos máis simples, estrutura pregunta-resposta, secuenciación temporal dos contidos e non relacional, etc.
  - Ofertar múltiples formas de expresión da aprendizaxe (como): esquemas, mapas conceptuais, vídeos de youtube, textos adaptados, etc.
  - Promover a implicación de diferentes xeitos: traballos voluntarios, ampliación de contido, explicacións ós compañeiros en pequeno grupo, etc.
  - Traballaremos en colaboración co Departamento de Orientación, atendendo ás necesidades recollidas no Dictamen de Escolarización dos alumnos que presentan necesidades específicas de apoio educativo e, partindo de este punto, elaboraremos actividades e propostas que podan responder de forma universal ás necesidades de todo o noso alumnado, facilitándolle ó alumnado as vías máis axeitadas de acceso á aprendizaxe.
- Observación: No momento de ter que entregar esta programación aínda non tivo lugar a avaliación inicial polo que se esperará a dita avaliación para tomar as medidas que se consideren axeitadas.

**7.1. Concreción dos elementos transversais**

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6
ET.1 - Comprensión e expresión	X	X	X	X	X	X
ET.2 - Espírito crítico	X	X	X	X	X	X
ET.3 - Creatividade	X	X	X	X	X	X
ET.4 - Igualdade e respecto	X	X	X	X	X	X

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6
ET.5 - Conciencia medioambiental					X	X
ET.6 - Resolución pacífica de conflictos	X		X			
ET.7 - Valores democráticos			X			

**Observacións:**

Traballarase a comprensión de lectura, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual.o fomento do espírito crítico e científico, a educación emocional e en valores, a igualdade de xénero e a creatividade. Fomentaranse de maneira transversal a igualdade entre mulleres e homes, a educación para a saúde, incluída a afectivo-sexual, a formación estética, a concienciación e formación sobre o cambio climático, a educación para a sustentabilidade e o consumo responsable, o respecto mutuo e a cooperación entre iguais. Promoverase a aprendizaxe da prevención e resolución pacífica de conflitos en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social, así como dos valores que sustentan a liberdade, a xustiza, a igualdade, o pluralismo político, a paz, a democracia, o respecto polos dereitos humanos e o rexeitamento de calquera tipo de violencia, a pluralidade e o respecto polo Estado de dereito.

**7.2. Actividades complementarias**

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Olimpiada Filosófica de Galiza	Participación na X Olimpiada Filosófica de Galiza que leva por título: Fronteiras e Xustiza Global	X		

**Observacións:**

Co propósito de motivar o alumnado participárase na XI Olimpiada Galega de Filosofía na modalidade de Dilema Moral.

**8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro**

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
Motiva os alumnos partindo dos seus coñecementos previos
Consúltase a programación o longo do curso e propóñense melloras
Metodoloxía empregada
Emprega diferentes metodoloxias



Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos
Emprega recursos e materiais variados
Hai un correcto aproveitamento dos recursos
Medidas de atención á diversidade
As medidas adoptadas son eficaces
Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais
Coordínase co resto do profesorado e cas familias
Outros
Acada os obxectivos da materia e da etapa

### Descrición:

1. Motiva os alumnos/as partindo dos seus coñecementos previos e creando expectativas.
2. O alumnado participa nas actividades propostas
3. Emprega recursos e materiais variados, dando especial relevancia ás TIC
4. Emprega diferentes metodoloxías en función dos contidos a tratar e da resposta do alumnado.
5. Os materiais empregados adecúanse aos obxectivos programados.
6. Os materiais empregados son atractivos para o alumnado e doados de manexar.
7. Os materiais empregados conteñen a información necesaria.
8. Planifica as clases de modo flexible, prepara actividades e recursos axustados á programación e ás necesidades e interese do alumnado.
9. Selecciona e secuencia de forma progresiva os contidos da programación tendo en conta as particularidades de cada grupo.
10. Coordínase co resto do profesorado do departamento que imparte no mesmo nivel para homoxeneizar o proceso de ensino.
11. Coordínase co profesorado doutros departamentos que poidan impartir contidos afíns á súa materia.
12. Deseña actividades variadas.
13. Propón tarefas para realizar individualmente, por parellas e por grupos.
14. Planifica tarefas e logros diferentes en función das características de cada alumno/a.
15. Ten en conta a diversidade á hora de organizar os grupos de traballo.
16. As medidas adoptadas co alumnado con NEAE ou outras son eficaces
17. Acada os obxectivos da etapa
18. Acada os obxectivos da materia
19. Consulta a programación ao longo do curso e propón melloras.
20. Utiliza os distintos instrumentos de avaliación contemplados na programación.

Cada un destes indicadores valorarase cunha escala de 1 (Nada) a 5 (Moito)

## 8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

- O remate de cada unidade didáctica farase unha avaliación da mesma.
  - Ao final de cada trimestre, e tendo en conta que podemos valorar os resultados obtidos, revisarase a temporalización da programación, a profundidade dos contidos impartidos, o grado de cumprimento de obxectivos e de adquisición de competencias.
  - Por outra banda, ao final do curso revisaranse de novo os mesmos elementos, pero xa de forma global.
  - Os resultados desas avaliación reflexaránse nas actas do Departamento e aparecerán recollidos na memoria de fin de curso.

As conclusións extraídas teranse en conta para a programación do curso seguinte.

## 9. Outros apartados